CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento.	Identifica diferentes tipoloxías textuais		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comprende e emprega estruturas diferentes na lingua estranxeira cando non son propias na materna		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	Expresa oralmente un evento pasado que lle é cercano e relevante		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Pode desenvolver unha conversa sinxela e breve sobre un acontecemento pasado		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Emprega estratexias propias dunha conversa		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Colabora na corrección de erros e amosa interese polas aportacións dos demais para corrixir os propios	TI	30
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Emprega estratexias para facilitar a comunicación cando hai dificultades		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Emprega de xeito habitual a lingua inglesa na aula		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Leva un rexistro ordeado das tarefas da aula		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Comprender a interculturalidade		
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Amosar interese pola cultura e os aspectos sociais da vida nos países anglosaxons		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Presentar un proxecto sobre un aspecto cultiural e/ou social dun país de fala inglesa		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiáns sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.

Contidos

- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os seis módulos do Student's Book divídense en tres seccións de catro páxinas que subministran o vocabulario e a gramática que cómpren para afrontar a tarefa coa que conclúe cada unha. Hai dous textos por módulo baseados en material auténtico. Tamén se presentan tres grupos de vocabulario temático contextualizado en cadanseu módulo, con lecturas engadidas, e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario que se aprendeu con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nos propios módulos, o que subministra unha maneira natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.

A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto actual tanto no oral coma no escrito. Ao final do libro está a sección Grammar Lab, que contén cadros gramaticais presentados de maneira clara e tamén exercicios engadidos para repasar e practicar.

Tamén se subministran unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situación da vida real; cada módulo inclúe un vídeo comunicativo con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades engadidas de comprensión e expresión oral en todos os módulos que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a se comunicaren de maneira eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados módulo a módulo para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

Todos os módulos contan cun proxecto colaborativo que, a través da realización dunha tarefa significativa, desenvolve habilidades comunicativas, de planificación, de investigación e sociais. Ademais, inclúe unha Techno Option.

Cara ao final de cada módulo atópase o apartado Life Skills Extra, que se centra no inglés funcional que se emprega en situación comunicativas reais e subministra un vídeo con situación cotiás que expoñen aos alumnos/as á linguaxe real e actividades de comprensión e produción oral.

A Interactive Classroom atópase ao longo de todo o libro e permite unha aprendizaxe dinámica e constante coa axuda de distintas ferramentas.

Tamén hai tres seccións de repaso (Review) no Student's Book. Estas inclúen exercicios de repaso do vocabulario e a gramática, unha páxina para pór en práctica as habilidades adquiridas e unha páxina de literatura con fragmentos de animación literarios.

Ao final do Student's Book atópase unha sección cultural e interdisciplinar chamada Culture Magazine. Esta relaciona o inglés con outras materias do currículo escolar (Aprendizaxe integrado de contidos e linguas estranxeiras, AICLE òu CLIL en inglés) e preséntalle ao alumno/a unha gran variedade de aspectos culturais dos países anglófonos e do mundo en xeral. Cada páxina da Culture Magazine conta ademais cun vídeo cultural que presenta interesante contido real a un nivel lingüístico axeitado e actividades de comprensión oral.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto

- 1.- Libro de texto Think Ahead 1 Student's Book.
- 2.- Libro de exercicios Think Ahead 1 Workbook.
- 3.- Versións dixitais dos libros anteriores.
- 4.- Interactive Student Think Ahead 1.
- 5.- Materiais impresos e dixitais de Think Ahead 1 All-in-One Pack.
6. Libro de lectura obrigatoria por decidir (graded reader) no segundo trimestre.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun test que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Proba escrita	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

A avaliación será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.
- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

PROBAS DE EXAME: 90% (probos escritos agás as destrezas orais que poderán ser valoradas a través dunha rúbrica ou táboa de indicadores).

Destrezas orais: 20%

Comprensión lectora (Reading): 10%

Producción escrita (Writing): 20%

Use of English (Vocabulary & Grammar): 40%

TRABALLO DE AULA E DE CASA: 10% (táboa de indicadores e entrega de tarefas asignadas)

Tarefas e traballo diario do alumnado; proxectos individuais e colaborativos; participación e mediación na aula; tratamento dos erros e autoavaliación.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

No segundo trimestre, preferiblemente, haberá unha proba sobre o libro de lectura obrigatorio, que estará valorado no apartado de comprensión escrita (Reading) e produción escrita (Writing) cun 15%. Os alumnos ACI non terán libro de lectura.

Todas as cualificacións redondearanse á seguinte cifra a partir de 0.5.

A materia de Inglés é de avaliación contínua; cada avaliación, xa que logo, incluírá toda a materia dada anteriormente, facendo fincapé nos contidos propios de cada trimestre. Polo tanto, non se realizarán probas de recuperación ao longo do curso, agás na terceira avaliación. Cada avaliación nova suporá, a efectos prácticos, unha recuperación da anterior. Unha cualificación negativa no primeiro ou no segundo trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres.

Para o cálculo final da nota, terase en conta o peso de cada avaliación (20%, 30% e 50%), sendo un 5 a nota máxima dunha avaliación recuperada mediante o aprobado da seguinte avaliación.

Para o alumnado que non teña aprobado o curso tras facer a media ponderada das tres avaliacións, haberá unha

derradeira proba de recuperación global antes do remate do terceiro trimestre. A devandita proba constará unicamente dos seguintes apartados: vocabulario e gramática, reading e writing.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR

O alumnado con NEEs será avaliado do material de adaptación correspondente a partir do propio libro de texto do curso de 1º ESO, sobre o que se fai a adaptación. A devandita adaptación curricular será sempre personalizada e atendendo ao nivel de competencia curricular de cada alumno/a con estas necesidades. Seguiranse sempre o tipo de exercicios e de actividades practicados e propostos na clase.

En liñas xerais, a cualificación trimestral obedecerá á seguinte ponderación:

- Comprensión oral e escrita 20%: Probas escritas con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro / falso, preguntas de relacionar e/ ou de resposta curta.
- Producción escrita e "Use of English" 60%: Probas escritas con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de completar, de relacionar, preguntas de expresión escrita e planificación de oracións sinxelas para difundir unha idea ou unha mensaxe, exercicios de completar textos inferindo significados.
- O 20% restante da nota final será avaliado mediante a entrega de tarefas de comprensión e produción escrita e a través das actividades feitas regularmente no caderno do alumnado, facendo unha valoración das actividades diarias na aula e valorando o esforzo realizado por superar as súas dificultades.

As probas estarán extraídas do seu libro, das fichas, ou do seu caderno de Inglés. En caso de suspender o primeiro ou o segundo trimestre, poderanse recuperar cunha nota igual ou superior a 5 na seguinte avaliación. A avaliación final, en caso de suspender a terceira, consistirá nas mesmas probas que as de calquera outro trimestre agás a de comprensión oral.

Criteria de recuperación:

Para o alumnado coa materia suspensa ao remate da terceira avaliación, haberá unha proba de recuperación global centrada nos contidos e obxectivos mínimos, e que abranguen o vocabulario e a gramática (Use of English), a comprensión lectora e a produción escrita. Non haberá proba de Listening nin de Speaking.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado coa materia de Inglés de 1º ESO pendente se lle esixirá como condición necesaria para superala a realización das probas obxectivas ás que sexa convocado ao longo do curso.

Este curso 2022-23 os profesores Carolina Soria Somoza e Francisco José Amado Vilariño serán os encargados de avaliar ao alumnado de Inglés de 1º ESO pendente. Haberá un curso aberto na aula virtual para que este alumnado poida consultar todas as dúbidas que precise, así como para acceder a materiais de práctica e información sobre a temporalización dos contidos que serán obxecto de estudo en cada unha das avaliacións. A coordinación co profesorado que imparte docencia a este alumnado no curso actual será fundamental para coñecer as particularidades do mesmo.

O alumnado seguirá como referencia para o estudo os libros do curso pasado, Think Ahead 1, da editorial Burlington; servirán para tal fin tanto o Student's Book coma o Workbook, indistintamente.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva igual ou superior a 5 ao cabo da terceira avaliación logo de facer a ponderación trimestral correspondente (1ª Avaliación 20%, 2ª Avaliación 30%, 3ª Avaliación 50%), terá a oportunidade de superar a materia pendente nunha recuperación final realizando unha proba de comprensión e produción escrita, así como de Use of English (Gramática e Vocabulario) tendo sempre en conta a diversidade do alumnado.

Probas obxectivas:

Tanto as probas obxectivas trimestrais como a final constarán de apartados de "Use of English" (Gramática e Vocabulario), "Reading Comprehension" e "Writing" unicamente. Non haberá probas de tipo oral. Haberá unha soa

nota por avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

Deseñarase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

Ao longo do curso tomaranse medidas de atención á diversidade tales como: gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe, actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe, materias e recursos diversos e inclusivos que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado, actividades de reforzo e consolidación, traballo colaborativo, procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados, flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas de reflexión do alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

MEDIDAS DE REFORZO

O proxecto parte do recoñecemento de que en toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

O profesorado decidirá se sería conveniente reducir o número de sesións dedicadas a realizar algunhas destas actividades co fin de realizar outras distintas que axuden ao desenvolvemento dunha determinada destreza lingüística.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todo o alumnado poida encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe. Certo tipo de actividade é deliberadamente máis sinxelo, de tal maneira que todo o alumnado sexa capaz de levar a cabo a actividade con éxito. Ser capaces de levar a cabo con éxito pequenas actividades como copiar listas de palabras constitúe un factor importante para os alumnos de asimilación máis lenta, ao contribuir de xeito importante a aumentar a confianza en sí mesmos como aprendices de linguas estranxeiras.

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PREVISTOS PARA REALIZAR AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES APROPIADAS PARA OS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

O alumnado con necesidades educativas especiais traballará con adaptacións curriculares elaboradas en colaboración co departamento de orientación do centro. As adaptacións centraranse nos seguintes aspectos:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Apoio dentro da aula por mestres especialistas, sempre e cando sexa posible.
3. Metodoloxía máis personalizada.
4. Accesibilidade dos elementos do currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais.
5. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
6. Mellorar os procedementos e hábitos de estudo.
7. Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo.
8. Aumentar a atención orientadora.
9. Atención educativa ao alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria.
10. Avaliación adaptadas ás necesidades deste alumnado.

a) Para o alumnado con ALTAS CAPACIDADES facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.

b) Para o alumnado con INTEGRACIÓN TARDÍA no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.

c) Para o alumnado con DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. En caso de que a medida de reforzo educativo non sexa suficiente, valorarase a posibilidade de deseñar unha adaptación curricular individualizada (ACI) coa axuda do equipo de Orientación así como coa autorización das familias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero		X	
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Educación de calidade	X		
ET.11 - Cidades e comunidades sustentabeis	X		
ET.12 - Saúde e benestar	X		
ET.13 - Industria, innovación e infraestructur	X		X
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres		X	
ET.15 - Acción polo clima			X
ET.16 - Fin da pobreza			X
ET.17 - Redución das desigualdades		X	

Observacións:

Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas Culturais	Charlas culturais de carácter lúdico levadas a cabo por un falante nativo e proporcionadas pola editorial Burlington.	X		
Proxección de extractos audiovisuais	Proxección dunha película adaptada ao seu nivel e subtitulada.	X	X	X
Viaxe de estudos	Viaxe a un país europeo para o alumnado de Bacharelato co obxectivo de practicar a lingua inglesa		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
-Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Metodoloxía empregada
-Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
-Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
-Fomento e animo á lectura e proporciono estratexias de comprensión escrita.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
-Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
-Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
-Presento actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
-Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
-Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
-Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
-Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademáis, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, desde o seguimento da programación e a consecución dos obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliación analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase tamén a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados